
Exitosa 1ª semana galega pola Renda Básica das Iguais

Enviado por dr_ods_coia o Sáb, 02/02/2013 - 10:21.

en



Seis días, nove localidades, trece presentacións, preto de 400 asistentes aos actos... Son algunhas das cifras desta primeira semana galega pola Renda Básica das Iguais (RBis). Para as persoas que nos implicamos na preparación e desenvolvemento destes días de actividades a valoración é tremendamente

positiva.

Cando nos botamos á estrada non sabiamos o que nos íamos atopar en cada unha das localidades: Vigo, Pontevedra, Ferrol, A Coruña, Compostela, Ourense, Lugo, Allariz e As Pontes. Agora podemos dicir que os encontros foron ricos e diversos con colectivos e persoas de ámbitos tan diversos como o: libertario, sindicalismo, profesional, feminismo, okupa, político... e que o intercambio foi rico e posibilitador, á hora de crear dinámicas que rachen co capitalismo.

Botando unha ollada a estes días, vemos como a proposta da RBis sae fortalecida e tamén que comeza a empapar a realidade social de Galiza. Cando hai case catro anos comezamos a pensar no estudo, éramos coñecedoras do verde que estaba esta ferramenta por estas terras. Agora recollemos con esta rolda de presentacións algúns froitos que nos animan a seguir a movernos pola RBis!

Graciñas a todas aquelas persoas e grupos que fixeron posible esta semana!
